



Texto: Stephanie Baudet

Medidas: 13x21 cm

Ilustración: Arianna Bellucci

Páxinas: 112

Tradución: Maruxa Zaera

I.S.B.N. 978-84-18667-38-1

Idioma: Galego

IBIC: YFD

Encadernación: Rústica con solapas

P.V.P.: 12,50€

O vampiro de Sussex é o cuarto título de *Sherlock Holmes para pequenos detectives*, unha colección amena e divertida cos mellores casos do detective máis famoso de todos os tempos. Grazas á súa narrativa e rechamantes ilustracións axudará a **consolidar a lectura dos máis novos**. Ademais, as didácticas **aclarácións sobre termos e obxectos propios da Inglaterra da época** achegaraos á literatura clásica de detectives.

A través das crónicas do Dr. Watson compartiremos as súas aventuras cheas de misterio, roubos e asasinatos.

Antes da lectura

Poñer en común o que sabe o grupo sobre **vampiros**: mito, literatura, cinema, banda deseñada, etc.

Explicar en que consiste o **método científico** e por que é a ferramenta máis axeitada para desentrañar un misterio:



1 Observa

3 Fai unha hipótese

5 Saca unha conclusión

2 Obtén información

4 Comproba se funciona

Comentar o gran número de pobos nativos de Perú (55) e a forma de vida dos **indíxenas do Amazonas**.

Despois da lectura



Nalgún momento pensabades que se podía tratar dun vampiro? Credes que os mitos se basean en feitos reais?

Parécevos normal o comportamento de Jacky, o fillo de Ferguson? Coñecedes a alguén tan celoso coma el?

Sabiades que os velenos se poden extraer de orixenes naturais e que provocaban eses efectos?

Ademais da que aparece no libro, que xeitos de socorrer a unha persoa envelenada se vos ocorren?

